

## Proxecto de sinalización do Conxunto Megalítico da Serra de Barbanza, Boiro (A Coruña)

PATRICIA MAÑANA-BORRAZÁS<sup>1</sup>

Esta intervención executouse ao longo do mes de maio de 2006. Tivo coma obxectivo a colocación dunha serie de paneis explicativos e elementos sinalizadores da presenza de xacementos e dunha rota nos *Chans da Serra de Barbanza*. Cun presuposto de partida reducido, plantexouse unha instalación mínima para poñer en valor o *Conxunto megalítico da Serra de Barbanza*, cuxo núcleo principal de xacementos pertence a Boiro (A Coruña).

Este proxecto está integrado dentro dunha iniciativa da Mancomunidade Arousa Norte, promotora do proxecto. En concreto, é o percorrido máis curto das que conforman o conxunto de sendeiros que promocionou Arousa Norte por medio do Plan de Dinamización Turística para a zona e que foi rematado no 2006.

Por outra banda, o feito de que a instalación de carteis e sinalizadores supuxeran unha remoción de terras no entorno inmediato de xacementos arqueolóxicos, fixo necesario plantexar e executar o control arqueolóxico da instalación co obxectivo de minimizar o seu impacto, garantir a distancia aos

xacementos proxectada e autorizada, así como rexistrar calquera elemento que se puidera localizar durante a obra.

### TRABALLO REALIZADO

Nos Chans de Barbanza atópase un conxunto dunhas 35 mámoas nunha área de en torno a 5 km<sup>2</sup>. Tomando coma base este conxunto monumental e a súa paisaxe, deseñouse un Itinerario Cultural centrado no megalitismo, que permitise coñecer os aspectos básicos deste período, así coma algúns aspectos concretos dos seus monumentos máis senlleiros.

Este itinerario empeza na parte Norte dos Chans, ao pé do monte Iroite, e remata na *Arca da Barbanza*, tras uns 5 km de percorrido (unhas 2 horas). Con isto percórrese unha das liñas de tránsito principais da serra, que pasa por distintos ambientes naturais e visita diversos grupos de mámoas.

Deseñáronse un total de 3 paneis explicativos, que se colocaron no inicio da ruta en *Outeirinho do Pan*, na *Casota do Páramo* e na *Arca da Barbanza*. No deseño dos carteis repetiuse un mesmo esquema de información (mapa, arquitectura, empra-

# Arca da Barbanza

## A cámara máis grande do Barbanza

**Arquitectura megalítica**  
A cámara está feita con 7 grandes lavas de granito chatadas en vertical, das que quedan 6. Sobre estas lavas colócase unha laxa para cubrir a cámara que agora está descolocada. As loxas da cámara pesan entre 2 e 7 toneladas. Aquí e onde se depositaban os corpos dos mortos co seu entoxal e as ofrendas.

A entrada fíxose por un corredor de menor altura que a cámara, e con dúas lavas por lado e dúas trampas. Está orientado ó Sueste, o nascente do sol.

O túmulo que rodea a cámara é de terra cunha capa de pedras moi apretadas na superficie. É o que lle dá o volume e magnitude final o monumento.

RECONSTRUCCIÓN IDEAL DO MONUMENTO

**Emprazamento**  
Estas dúas mámoas adópanse no fondo dun val encaixado, o que fai que a nosa visión este moi controlada por todos os cumios e as costas.

Remontando o río podemos ver outra mámoa (D) que delimita este espazo polo Norte cara o lado contrario, unha elevación natural cumpre esta función. Os elementos naturais e as mámoas fan deste punto un lugar moi pechado.

**Organización territorial**  
Estamos no punto culminante da Ruta Megalítica. Despois de pasar por outros, cruzar os chans, aquí chegamos ó nascente do río máis importante da Serra. Cara ó Sur, non se atopa outra mámoa ata a zona da Portela, unha zona clave do tránsito da serra a 2,4 km.

**A súa construción foi un gran esforzo social**  
Entre 4500 e 2800 a.C. a Serra de Barbanza encheuse de mámoas, creando unha rede de fiocs que configuro a paisaxe cultural que hoxe vemos. Durante este tempo, as formas e tamaños dos monumentos variaron moito.  
Arca 1 é un dos casos no que o traballo de construír unha mámoa foi autenticamente descomunal. Mover as loxas da cámara, de ata 7 toneladas, xuntar toda a terra e as pedras, supuso un esforzo colectivo e de planificación sen precedentes, que fixo posible que estes monumentos duraran ata hoxe.

Aquí adópanse dúas mámoas xuntas. A máis grande é a que tes máis cerca.

Este sería o aspecto de Arca 1 no momento dun enterramento.  
En grandes cámaras coma esta, adópanse na entrada do corredor pequenas figurillas con formas humanas que parece que acompañan a escena funeraria.

RECONSTRUCCIÓN E DETALLE  
Figura A. López Marín  
no Centro Arqueolóxico de Barbanza

### Ruta megalítica

Estamos nun dos puntos principais da ruta megalítica que percorre a serra. É parte da que hai 6.000 anos foi unha Ruta Ritual con máis de 30 mámoas.

Total percorrido lineal: 5 km (2 h aprox.).  
Nivel de dificultade: medio-baixo.  
Desnivel: 90 m.

O trazado da Ruta Megalítica non segue pistas ou sendeiros excepto cando coincide coa Ruta de longo percorrido da Serra.

Visitas Guiadas:  
Centro Arqueolóxico do Barbanza  
981 84 38 10

**¡ATENCIÓN!** antes de seguir...

**Recomendacións**

- HAZ RUTA SÓ OULTRO E RUTPA ASENTADA. PEESE ATOPAR ZONAS MORTAL, TÓXIC, ETC. FIJATE NO TIPO E PESADA.
- RECOMENDAMOS FAZER O PERCORRIDO A PE. DIFÍCILÍSIMAS MÁS INTENSAMENTE NA PASADA, VESTIR E ZONA DA SERRA.
- HAZ GANHO SALTO DOS SEGADOS DA ZONA, NON Ó MALLISTES.

**Como orientarse**

RUTA MEGALÍTICA    RUTA SERRA

En 90 CAMBIO  
PALA DIRECCIÓN  
CAMBIO DIRECCIÓN

**Respecta o que leva aquí 6.000 anos e os que agora viven nesta paisaxe**

- OS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS SON UN BEM COMÚN. SE OS PROXECTAR, REMOVER, ENDEBES DE LUGO, PERDENDO PARA SEMPRE UNA PARTE DA NOSTRA HISTORIA.
- É UN DEBIDO CUIDADO PARA NON DANARLOS: PROTECTOR DE BOMBA, BOMBA E NON O ALTRES.
- NON TRES AÍDE AS COLILLAS, PLASTICOS, LATAIS... LEVANDI O LUGO.

Plan de Dinamización Turística  
MUNICIPIO DE OURENSE  
AROUSA NORTE  
Deseño e construción  
INSTITUTO DE ESTUDIOS SALESIOS PADRE SARRMENTO  
Laboratorio de Arqueología do Páramo

Cartel colocado en Arca da Barbanza



Sinalización na área de Casota do Páramo

mento, cuestións sociais, etc.) e mesmo algúns apartados. Así, coa idea de que facilitar a comprensión en caso de visitas puntuais e que non seguisen a ruta, en todos os carteis apuntáronse unhas recomendacións para facilitar a visita e orientarse, así como o teléfono de contacto do *Centro Arqueolóxico de Barbanza* (Boiro) para realizar unha visita guiada. Esta última recomendación veu dada pola necesidade de integrar este proxecto concreto dentro das iniciativas patrimoniais da co-

marca e facilitado polas negociacións cos responsables do centro para publicitar nesta sinalización esta actividade que o centro desenvolve de maneira habitual.

Para sinalizar a presenza doutras mámoas que non tiñan cartel asociado, colocáronse 13 postes de madeira de 1,50 m de altura con extremo superior pintado e un número que está relacionando coa numeración presente nos mapas dos carteis. A rota sinalizouse con 30 postes de madeira de 1 m de altura.

Posteriormente, Arousa Norte editou folletos da ruta cunha selección da información presente nos carteis.

#### CONTROL ARQUEOLÓXICO

A colocación dos paneis e postes fíxose a man, realizando buratos de non máis de 0,50 m de diámetro e 0,50 m de profundidade, e enchéndose de novo con pedras e terra. Aínda que a remoción é mínima, está agravada polo feito da proximidade aos túmulos. Fíxose un control a pé de obra, incluíndo o replanteo da posición dos postes. Non se documentou ningunha afección directa nin elemento arqueolóxico novo. □

#### NOTAS

<sup>1</sup> Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe. IEGPS (CSIC-Xunta de Galicia).  
phpatrim@usc.es